



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Recursos tecnolóxicos en educación social

Materia	Recursos tecnolóxicos en educación social			
Código	O05G130V01105			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	Ricoy Lorenzo, Maria Carmen			
Profesorado	Ricoy Lorenzo, Maria Carmen			
Correo-e	cricoy@uvigo.es			
Web				

**Descrición xeral** A formación do educador/a social está orientada á educación non formal e informal en contextos diversos. De modo orientativo, os campos de traballo focalízanse nas áreas socioeducativa, sociocultural, orientación social, orientación sociolaboral, discapacidades, persoas adultas, maiores, interculturalidade, protección e promoción da muller, familia, menores, etc. A educación social ten por obxecto o desenvolvemento psicosocioeducativo dos cidadáns co fin de acadar, completar e ampliar a súa educación formal, necesidades e expectativas que presentan potenciando o desenvolvemento holístico ao longo da vida.

Á práctica educativa do educador/a social correspóndelle organizar, analizar, diagnosticar, deseñar, elaborar, planificar, desenvolver, asesorar e avaliar proxectos educativos. Ademais, debe colaborar con outros axentes socioeducativos, culturais e laborais, cos responsables de institucións e políticos na orientación de dinámicas que proporcionen oportunidades de desenvolvemento á cidadanía, así como embarcarse en accións de mediación e resolución de conflitos.

A materia de «Recursos Tecnolóxicos en Educación Social» do Grao en E. Social insírese na área de coñecemento de Didáctica e Organización Escolar e abrangue contidos de carácter teórico e práctico. A contribución teórico-práctica desta materia posibilita a adquisición de competencias transversais ou xenéricas e específicas de formación disciplinaria e profesional.

Esta materia adecúase ao perfil disciplinario e profesional da titulación de Educación Social porque a integración curricular e contextualizada das tecnoloxías da información e comunicación ofrece un potencial enriquecedor imprescindible na formación do seu alumnado. As competencias de formación disciplinaria e profesional dos estudantes están dirixidas a desenvolver as posibilidades das tecnoloxías da información e comunicación a nivel didáctico, organizativo, comunicativo, como materia obxecto de estudo en si mesma, de administración da xestión, de lecer como recurso de ocio, etc.

## Competencias de titulación

Código	
A5	Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa
A11	Organizar e administrar proxectos e servizos culturais, ambientais, de lecer e tempo libre
A16	Elaborar e interpretar informes técnicos, de investigación e avaliación sobre accións, procesos e resultados socioeducativos
A18	Ter capacidade para potenciar as relacións interpersoais, desenvolver habilidades de comunicación interpersoal, solidariedade e empatía
A19	Administrar, coordinar e supervisar entidades, equipamentos e grupos, en función de diferentes contextos e necesidades
A22	Estar comprometido coa calidade de actuación e moverse de acordo cos principios deontolóxicos do/a educador/a social
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Planificación e organización

B4	Utilización das TIC no ámbito de estudo e contexto profesional
B5	Xestión da información
B9	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos
B12	Compromiso ético
B14	Adaptación a situacións novas
B19	Compromiso coa identidade, desenvolvemento e ética profesional

<b>Competencias de materia</b>		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Identificar as características e función dos recursos didácticos e tecnolóxicos.	A5	B1
Familiarizarse coa lexislación dos marcos reguladores da tecnoloxía dixital.	A22	B1 B12
Descubrir o papel dos medios de comunicación da rede no proceso de ensino-aprendizaxe.	A22	B4 B5
Adquirir bases teóricas para o emprego de habilidades e destrezas que posibiliten o manexo dos medios tecnolóxicos de formación disciplinaria e profesional.	A5	B1
Abordar a produción de materiais tecnolóxicos ou adaptalos desde alternativas creativas e innovadoras.	A22	B2 B4
Traballar cos medios tecnolóxicos e dixitais na súa dimensión comunicativa, didáctica, lúdica, de organización e xestión.	A16 A22	B2 B4 B12
Utilizar os medios tecnolóxicos e dixitais para desenvolver prácticas de carácter didáctico, organizativo, lúdico, de administración e xestión no campo da E. Social.	A11 A19	B4 B5 B9 B14
Dispoñer dunha actitude positiva de cara a integración dos medios tecnolóxicos no contexto socioeducativo da profesión.	A18 A22	B19

<b>Contidos</b>	
Tema	
<b>CONTIDOS TEÓRICOS</b>	<b>EPÍGRAFES</b>
1. Bases conceptuais do ámbito disciplinario.	1.1. Aproximación conceptual aos termos e recursos didácticos, novas tecnoloxías, TIC, etc. 1.2. Funcións e clasificación dos recursos didácticos.
2. As novas tecnoloxías e o seu potencial contextual.	2.1. Integración das novas tecnoloxías nos ámbitos de traballo do educador/a social. 2.2. Posibilidades organizativas, administrativas, etc. 2.3. Potencial didáctico das novas tecnoloxías.
3. Os sistemas multimedia e a súa aplicación na educación.	3.1. Concepto e características dun contorno multimedia. 3.2. Posibilidades didácticas do multimedia.
4. As redes telemáticas na educación.	4.1. Os medios de comunicación da rede: o seu uso como recursos de ensino-aprendizaxe. 4.2. Internet e os servizos que ofrece de uso no campo da educación social.
5. Alfabetización audiovisual.	5.1. A imaxe e o son: os seus compoñentes. 5.2. Lectura de imaxes.
6. O vídeo como instrumento de traballo.	6.1. Criterios didácticos para a utilización do vídeo. 6.2. Aplicacións do vídeo na educación.
7. O paso dos medios tradicionais ás novas tecnoloxías e o seu papel educativo.	7.1. Nos medios de imaxe fixa. 7.2. Nos medios de comunicación social.
<b>CONTIDOS PRÁCTICOS</b>	<b>BREVE DESCRICIÓN</b>
1. Internet como recurso socioeducativo.	1.1. Emprego dos medios de comunicación da rede. 1.2. Traballo con páxinas web. 1.3. Uso dos principais servizos de internet aplicados ao campo da educación social.
2. Producións informáticas de tipo educativo.	2.1. A partir do tratamento de textos, de documentais e de recursos da web, desenvolver creacións en soporte dixital de materiais socioeducativos. 2.2. Elaboración dun multimedia educativo.
3. Imaxe fixa e en movemento.	3.1. Imaxe fixa e en movemento. 3.2. Aplicación da imaxe ás presentacións e proxeccións formativo-comunicativas e/ou lúdicas.
4. Avaliación de software educativo.	4.1. Análises de recursos tecnolóxicos e dixitais.
5. Emprego doutros programas informáticos usuais, do paquete de Microsoft Office.	5.1. En aplicacións organizativo-administrativas. 5.2. Con aplicacións didácticas e/ou de tipo lúdico.

6. Observación dunha experiencia innovadora sobre o emprego de novos medios no campo profesional.

6.1. Observación directa, se é posible, ou vía internet para realizar a súa descrición e análise.

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	8	10	18
Actividades introdutorias	1	1	2
Prácticas de laboratorio	30	24	54
Presentacións/exposicións	1	3	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	8	10
Foros de discusión	1	3	4
Traballos tutelados	1	2	3
Estudo de casos/análises de situacións	1	3	4
Traballos e proxectos	1	15	16
Cartafol/dossier	3	13	16
Informes/memorias de prácticas	1	18	19

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral pola profesora apoiada en recursos didácticos, medios audiovisuais e TIC, coa incorporación da estratexia da interrogación didáctica dirixida aos estudantes, a posta en marcha de actividades e a exposición de traballos coa finalidade de facilitar a aprendizaxe e o desenvolvemento competencial.
Actividades introdutorias	Actividade que se presenta ao inicio co fin de coñecer as competencias tecnolóxicas, experiencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para acadar as capacidades, destrezas e habilidades recollidas na guía docente. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer a aprendizaxe significativa de xeito contextualizado e personalizado, partindo dos coñecementos previos.
Prácticas de laboratorio	Esta metodoloxía posibilitalle ao alumnado a aprendizaxe a través da realización de actividades de carácter práctico no laboratorio, indagando no funcionamento técnico e o desenvolvemento de habilidades e capacidades informáticas e de tipo didáctico para abordar o deseño, desenvolvemento de proxectos, análise de experiencias socioeducativas, busca e tratamento da información, etc.
Presentacións/exposicións	Intervención do alumnado baseada na exposición verbal, apoiada no emprego de recursos didácticos a través da que tamén tentará interactuar e debater co grupo aula dun modo ordenado: propoñendo cuestións, facendo aclaracións ou realizando actividades de forma dinámica.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Estratexia a través da cal o alumnado resolverá pequenos problemas e/ou situacións problemáticas que expón a profesora na aula e na plataforma de formación, a partir dos contidos que se traballan na materia.
Foros de discusión	Están desenvolvidos no escenario virtual para a discusión centrada en diferentes tópicos da materia propostos pola profesora, así como debates promovidos polas inqedanzas que expón o alumnado en relación a temáticas obxecto de estudo ou a problemáticas asociadas co campo profesional.
Traballos tutelados	Unha vez concretado o núcleo do traballo en grupo, o alumnado discutirá e formulará as súas dúbidas á profesora a través da titorización grupal dentro da aula e no despacho da profesora para desenvolver un traballo sobre a temática da materia.
Estudo de casos/análises de situacións	O alumnado realizará a descrición, as análises e as reflexións de situacións relativas aos medios tecnolóxicos e dixitais nos que se traballe a partir dunha realidade concreta ou simulada relacionada coa vida profesional, co obxecto de buscar algún tipo de solución de xeito individual ou grupal.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	- Prácticas de laboratorio: atenderase de forma personalizada e en grupo medio ao alumnado dentro da aula principalmente e, excepcionalmente, vía e-mail, axudándolle a superar as dificultades que se lle presenten no desenvolvemento do traballo, así como orientando a coherencia oportuna no enfoque exposto. - Resolución de problemas/exercicios e estudos de casos/análises de situacións: atenderanse as demandas puntuais que presente o alumnado de forma personalizada ou grupal dentro da aula ou vía e-mail. - Traballos tutelados: a profesora prestaralle atención individual e grupal ao alumnado para a realización dos traballos que requiren asesoramento directo, realizando o seu seguimento. - Cartafol/dossier: daráselle atención personalizada e/ou en grupo ao alumnado na aula de laboratorio para o deseño tecno-didáctico do portafolio, seguindo o traballo que desenvolve co este ao longo do curso e os resultados da súa aprendizaxe. - Traballos e proxectos: atenderanse en pequenos grupos dentro da aula, principalmente, e vía e-mail, axudándolle ao seu desenvolvemento, así coma orientando a coherencia oportuna no enfoque exposto.

Resolución de problemas e/ou exercicios - Prácticas de laboratorio: atenderase de forma personalizada e en grupo medio ao alumnado dentro da aula principalmente e, excepcionalmente, vía e-mail, axudándolle a superar as dificultades que se lle presenten no desenvolvemento do traballo, así como orientando a coherencia oportuna no enfoque exposto. - Resolución de problemas/exercicios e estudos de casos/análises de situacións: atenderanse as demandas puntuais que presente o alumnado de forma personalizada ou grupal dentro da aula ou vía e-mail. - Traballos tutelados: a profesora prestaralle atención individual e grupal ao alumnado para a realización dos traballos que requiren asesoramento directo, realizando o seu seguimento. - Cartafol/dossier: daráselle atención personalizada e/ou en grupo ao alumnado na aula de laboratorio para o deseño tecno-didáctico do portafolio, seguindo o traballo que desenvolve co este ao longo do curso e os resultados da súa aprendizaxe. - Traballos e proxectos: atenderanse en pequenos grupos dentro da aula, principalmente, e vía e-mail, axudándolle ao seu desenvolvemento, así coma orientando a coherencia oportuna no enfoque exposto.

Estudo de casos/análises de situacións - Prácticas de laboratorio: atenderase de forma personalizada e en grupo medio ao alumnado dentro da aula principalmente e, excepcionalmente, vía e-mail, axudándolle a superar as dificultades que se lle presenten no desenvolvemento do traballo, así como orientando a coherencia oportuna no enfoque exposto. - Resolución de problemas/exercicios e estudos de casos/análises de situacións: atenderanse as demandas puntuais que presente o alumnado de forma personalizada ou grupal dentro da aula ou vía e-mail. - Traballos tutelados: a profesora prestaralle atención individual e grupal ao alumnado para a realización dos traballos que requiren asesoramento directo, realizando o seu seguimento. - Cartafol/dossier: daráselle atención personalizada e/ou en grupo ao alumnado na aula de laboratorio para o deseño tecno-didáctico do portafolio, seguindo o traballo que desenvolve co este ao longo do curso e os resultados da súa aprendizaxe. - Traballos e proxectos: atenderanse en pequenos grupos dentro da aula, principalmente, e vía e-mail, axudándolle ao seu desenvolvemento, así coma orientando a coherencia oportuna no enfoque exposto.

Traballos tutelados - Prácticas de laboratorio: atenderase de forma personalizada e en grupo medio ao alumnado dentro da aula principalmente e, excepcionalmente, vía e-mail, axudándolle a superar as dificultades que se lle presenten no desenvolvemento do traballo, así como orientando a coherencia oportuna no enfoque exposto. - Resolución de problemas/exercicios e estudos de casos/análises de situacións: atenderanse as demandas puntuais que presente o alumnado de forma personalizada ou grupal dentro da aula ou vía e-mail. - Traballos tutelados: a profesora prestaralle atención individual e grupal ao alumnado para a realización dos traballos que requiren asesoramento directo, realizando o seu seguimento. - Cartafol/dossier: daráselle atención personalizada e/ou en grupo ao alumnado na aula de laboratorio para o deseño tecno-didáctico do portafolio, seguindo o traballo que desenvolve co este ao longo do curso e os resultados da súa aprendizaxe. - Traballos e proxectos: atenderanse en pequenos grupos dentro da aula, principalmente, e vía e-mail, axudándolle ao seu desenvolvemento, así coma orientando a coherencia oportuna no enfoque exposto.

Probas	Descrición
Cartafol/dossier	A atención ao alumnado realizarase a través de diversas vías: a través da plataforma Tema, por correo electrónico, telefonicamente, e na propia aula de 20 a 21 hs. os xoves e venres. Os estudantes tamén poderán usar as horas de titoría que ten o profesorado no seu gabinete.
Traballos e proxectos	A atención ao alumnado realizarase a través de diversas vías: a través da plataforma Tema, por correo electrónico, telefonicamente, e na propia aula de 20 a 21 hs. os xoves e venres. Os estudantes tamén poderán usar as horas de titoría que ten o profesorado no seu gabinete.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A profesora exporá oralmente co apoio de recursos, medios audiovisuais e TIC os temas centrais do contido da materia. Asemade, introducirá preguntas dirixidas a formulación dalgunha actividade coa finalidade de facilitar a aprendizaxe activa. Destas sesións valorarase a implicación dos estudantes a través da participación na dinámica da aula e a fundamentación axeitada na que se apoia a realización das referidas actividades e a proxección práctica amosada. É requisito facer a entrega en formato impreso ou dixital (segundo o indicado oportunamente pola profesora) e dentro do prazo sinalado oportunamente. Ata 1,3 puntos.	Ata 13
Actividades introdutorias	A través dunha análise reflexiva, o alumnado relatará o seu contacto e experiencia coas TIC no plano académico e persoal, co obxecto de aproximarnos aos coñecementos, habilidades, destrezas, etc. previas das que dispón como punto de partida para determinar a orientación das prácticas de laboratorio para grupo aula. É requisito facer a entrega en formato dixital (segundo o indicado oportunamente pola profesora) e dentro do prazo apuntado no seu momento. Na cualificación terase en conta, principalmente, o nivel de reflexión e análise plasmado neste relato. Ata 0,25 puntos.	Ata 2,5

Prácticas de laboratorio	O alumnado desenvolverá o groso das respectivas práctica de laboratorio ante a presenza da profesora na aula, implicándose oportunamente na marcha da clase. Este seguimento pola profesora farase con técnicas baseadas na observación directa, focalizándoa no proceso de elaboración das prácticas dentro da aula. Nesta observación semanal feita de xeito sistemático, terase en conta o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe e a adquisición de competencias polo alumnado atendendo ao seu progreso, calidade técnico-didáctica das prácticas realizadas, seguimento das pautas sinaladas pola profesora combinadas oportunamente coa iniciativa propia, creatividade e responsabilidade asumida, coa adecuación dos resultados acadados. É requisito facer a entrega en formato dixital e dentro do prazo apuntado no seu momento pola profesora. Ata 5 puntos.	Ata 50
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado, en pequenos grupos, dun traballo sobre un tema da materia concretado ao inicio coa profesora. O seu desenvolvemento estará dirixido, fundamentalmente, a ampliar os contidos de tipo teórico da materia enlazándoos oportunamente cos prácticos. Na súa realización e presentación participará todo o grupo e para a súa exposición apoiaranse en medios tecnolóxicos e dixitais con estratexias de tipo activa. A entrega é requisito facela en formato dixital (segundo o indicado oportunamente pola profesora) e dentro do prazo concretado no seu momento. Para a súa cualificación terase en conta a pertinencia da estrutura do traballo, calidade do contido exposto, así como o interés provocado no debate tanto por cada membro do grupo como no seu conxunto, e as posibles respostas as cuestións planteadas pola profesora. Ata 0,5 puntos.	Ata 5
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumnado desenvolverá de xeito individual e/ou grupal diferentes exercicios para ampliar os contidos teóricos da materia. A entrega é requisito facela en formato impreso ou dixital (segundo o indicado oportunamente pola profesora) e dentro do prazo que se sinale no seu momento. Para a súa cualificación terase en conta a fundamentación axeitada na que se apoia a realización destes exercicios ou problemáticas, a capacidade crítica e a proxección práctica amosada desde a oportuna fundamentación. Ata 0,75 puntos.	Ata 7,5
Foros de discusión	O alumnado participará nos foros que a través dos temas centrais da parte teórica da materia (ata 0,25 puntos) e da práctica (ata 0,25 puntos) propondrá a profesora, así coma naqueles outros de iniciativa propia que estean relacionadas coa temática obxecto de estudo ou coas inxerencias dos estudantes neste eido. Esta participación é necesario realizala nos períodos que oportunamente se indiquen para cada tema. Na súa cualificación terase en conta a fundamentación axeitada na que se apoia a aportación e a capacidade crítica amosada, así como a súa posible proxección no campo profesional.	Ata 5
Traballos tutelados	Unha vez concretado o tema de traballo en grupo, o alumnado pasará a profesora o borrador inicial, en función do calendario previsto, no que dará conta dun primeiro esbozo sobre o traballo realizado, co obxecto de profundizar no contido teórico da materia enlazando oportunamente co práctico. Na súa cualificación terase en conta a implicación axeitada amosada como membro dun grupo e do traballo solicitado pola profesora ante o asesoramento dado pola profesora de xeito presencial e/ou online. Ata 0,10 puntos.	Ata 1
Estudo de casos/análises de situacións	Basearanse na análise de diferentes cuestións relacionadas coa parte práctica da materia. A entrega é requisito facela en formato dixital (segundo o indicado oportunamente pola profesora) e dentro do prazo que se sinale no seu momento. Para a súa cualificación terase en conta o nivel de análise amosada. Ata 0,25 puntos.	Ata 2,5
Traballos e proxectos	O alumnado presentará o resultado final do traballo ou proxecto elaborado en grupo, co obxecto de interiorizar os contidos da parte teórica da materia entrelazándoos cos prácticos. É requisito facer a entrega en formato impreso e dixital e dentro do prazo concretado no seu momento. Na súa cualificación terase en conta, principalmente, a estrutura, calidade do contido, capacidade crítico-reflexiva e creatividade amosada. Ata 0,15 puntos.	Ata 1

Cartafol/dossier	O alumnado deseñará técnica e didacticamente, desde a parte práctica, baixo o asesoramento da profesora, un portafolio dixital (eporfolio) para recoller e presentar a totalidade do traballo desenvolvido na materia, aportando as evidencias e os produtos obtidos ao longo do curso. É requisito facer a entrega en formato dixital (segundo o indicado oportunamente pola profesora) e dentro do prazo que se sinala no seu momento para cada contido desenvolvido. Para a súa cualificación terase en conta a coherencia e claridade da estrutura, así coma a calidade técnico-didáctica acadada. Ata 0,5 puntos.	Ata 5
Informes/memorias de prácticas	O alumnado desenvolverá en formato dixital un diario, baixo as indicacións da profesora que serán detalladas oportunamente. O seu desenvolvemento farase ao longo do cuadrimestre e será revisado pola profesora. A entrega será en soporte dixital, e se fose necesario tamen impreso, na última semana do cuadrimestre. Na súa cualificación considérase o grao de correspondencia coas pautas facilitadas pola profesora para a elaboración, a súa estrutura, calidade do contido e a extensión acorde. Ata 0,75 puntos.	Ata 7,5

### Outros comentarios sobre a Avaliación

- Para superar a materia todo o alumnado terá que aprobar a parte TEÓRICA (cun mínimo de 1,5 puntos) e a PRÁCTICA DE LABORATORIO (cun mínimo de 3,5 puntos) independentemente. Polo tanto, a cualificación da teoría e a das prácticas de laboratorio presentarase dividida para posteriormente obter o cómputo global, no caso de acadar a puntuación mínima requirida. No reparto corresponden ata 7 puntos ás prácticas de laboratorio e ata 3 á parte teórica da materia. Os estudantes que participen na marcha da clase teórica e das prácticas, ou nalgunha delas, contarán cunha avaliación diversificada e continua de carácter formativo en ambas ou nunha parte. No caso de superar unha parte da materia (teórica ou práctica) conservarase a súa cualificación dentro do mesmo curso académico pero para cubrir a acta académica determinarase a puntuación final, sumándose ambas puntuacións e dividíndoas entre dous ou poríase a cualificación dunha parte que fose inferior a 5, buscando a opción mais favorable para o alumnado.

- Para ser calificados/as a través da avaliación continua requírese a asistencia do alumnado, ó menos, ó 70% das sesións prácticas e teóricas respetivamente. Outras situacións excepcionais que merezan un trato específico analizaranse no seu momento.

- Aqueles estudantes que acudan a clase, pero que non cumpran coas esixencias e calidade requiridas para superar os extremos xa descritos para a avaliación continua ou que por decisión propia se presenten ao exame oficial de **1ª ou 2ª concocatoria** (sobre enténdese que renuncian a cualificación da avaliación continua) ou aqueles que **non sexan asistentes** poderán obter ata un máximo de 3 puntos no exame teórico (preguntas de desenvolvemento medio-curto) e deberán acadar un mínimo de 1,5 puntos para computarllos co exame que teñen que facer sobre as prácticas de laboratorio, no que tamén deberán dispor dun mínimo de 3,5 puntos sobre 7 para realizar a referida suma. No caso de superar unha parte da materia (teórica ou práctica) conservarase a súa cualificación dentro do mesmo curso académico. Para determinar a cualificación final, cando algunha das dúas non acade o mínimo esixido porase a puntuación máis elevada, sempre que sea inferior a 5 puntos ou sumaranse ambas e dividíranse entre dous, utilizando a opción que resulte mais favorable para o alumnado.

- As datas de realización do exame final-oficial, que realizará obrigatoriamente o alumnado non asistente para superar a materia, serán as que figuran no calendario de exames da Facultade.

- O lugar de publicación das cualificacións e da revisión será no taboleiro de anuncios do despacho da profesora responsable e/ou na Plataforma Tema\_aitic ou calquera outro espazo dixital que se comunique. Esta data da revisión concretarase no listado de cualificacións exposto a partir da data oficial.

**OBSERVACIÓN:** Esta guíadocente anticipa as liñas de actuación que se levarán a cabo co alumno/ada materia, concibíndose con certa flexibilidade; en consecuencia, pode requirir algunha rectificación promovida polo grupo de destinatarios real ou pola relevancia de situacións sobrevidas. Así mesmo, aportaráselle ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo e, en particular, os criterios tidos en conta nas respectivas probas que se empregan para desenvolver a avaliación continua.

### Bibliografía. Fontes de información

#### BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- Abaurrea, J. (2007). *Internet*. Madrid: Anaya.
- Castellanos, J. J., Martín, E., Pérez, D. R., Santacruz, L. P. e Serrano, L. M. (2011). *Las TIC en la educación*. Madrid: Anaya.

- Ortega, J.A. e Chacon, A. (2007). *Nuevas tecnologías para la educación en la era digital*. Madrid: Pirámide.
- Ricoy, M. C. (2007). Las tecnologías de la información y comunicación en la educación: potencialidades y condicionantes que presentan. *Anuario Ininco*, 18 (2), 125-147. PDF

### **BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA**

- Aparici, R. (2005). Medios de comunicación y educación. *Revista de Educación*, 338, 85-99. PDF
- Aparici, R. e García Matilla, A. (1987). *Lectura de imágenes*. Madrid: Ed. De la Torre.
- Bartolomé, A. (2003). Vídeo digital. *Comunicar*, 21, 39-48. PDF
- Clauss, F.L. (1995). Aplicación práctica de la prensa en el aula. *Comunicar*, 5, 98-102. PDF
- Ferrés, J. (2004). Educación en medios y competencia emocional. *Revista Iberoamericana de educación*, 32, 49-69. PDF
- Fontcuberta, M. (2003). Medios de comunicación y gestión del conocimiento. *Revista Iberoamericana de Educación*, 32, 95-118. PDF
- Miralles, R. (2001). La prensa escrita ante el desafío de los nuevos medios. *Comunicar*, 16, 131-139. PDF
- Morduchowicz, R. (2003). El sentido de una educación en medios. *Revista Iberoamericana de Educación*, 32, 35-47. PDF
- Prado, E., Franquet, R., Soto, M.T., Ribes, X. e Fernández Quijada, D. (2008). Tipología funcional de la televisión interactiva y de las aplicaciones de interacción con el televisor. *Zer*, 13 (25), 11-35. PDF
- Ricoy, M.C. (2009). Utilización de los recursos y factores que rodean el empleo de la prensa en la educación de jóvenes y adultos. *Zer*, 14 (26), 145-166. PDF
- Ricoy, M.C. e Feliz, T. (2008). La Sociedad del Conocimiento y el respeto por las personas: un reto social y educativo. En J. Cardona (Dir.), *El acoso escolar y la incidencia en la comunidad educativa* (pp. 193-201). Madrid: Universitas.
- Ricoy, M.C. e Rivero, R. (2007). Utilización de Internet como recurso en la educación para el tiempo libre. En X. M. Cid e A. Peres (Ed.), *Educación social, animación sociocultural y desarrollo comunitario* (pp. 835-844). Ourense: Servizo de publicacións da Universidade de Vigo.
- Walzer, A. (2008). Televisión y menores. Análisis de flujos de programación y de recepción. Estudio comparado: 2003-2007. *Zer*, 13 (24), 53-76. PDF

### **OUTROS RECURSOS**

#### **Algúns recursos web**

- <http://juanza.iespana.es/>
- <http://www.ual.es/Universidad/Depar/Sociologia/animacion.htm>
- [http://foros.emagister.com/foro-foro\\_de\\_animacion\\_sociocultural-13511.htm](http://foros.emagister.com/foro-foro_de_animacion_sociocultural-13511.htm)
- <http://www.once.es/home.cfm?id=258&nivel=4&orden=6>
- <http://www.mec.es/>
- <http://www.cnice.mec.es/>
- <http://www.mcu.es/>
- [http://w3.cnice.mec.es/enlaces/portales\\_educativos.htm](http://w3.cnice.mec.es/enlaces/portales_educativos.htm)
- <http://www.edu.xunta.es/contidos/>
- <http://www.edu.xunta.es/portal/index.jsp>
- <http://www.xunta.es/linguagalega/>
- [http://www.educasites.net/portales\\_educativos.htm](http://www.educasites.net/portales_educativos.htm)
- <http://www.educa.jcyl.es/>
- <http://dewey.uab.es/pmarques/webinter.htm>

<http://www.maestroteca.com/>

<http://www.educared.net/>

### **Algunhas revistas en liña recomendadas**

#### **☐ Comunicación y pedagogía**

<http://www.comunicacionypedagogia.com/publi/cyp.htm>

#### **☐ Comunicar**

<http://www.uhu.es/comunicar/revista.htm>

#### **☐ Contexto educativo**

<http://www.contexto-educativo.com.ar/>

#### **☐ Chasqui**

<http://www.comunica.org/chasqui/index.php>

#### **☐ Diálogos de la Comunicación**

<http://www.felafacs.org/dialogos>

#### **☐ Edutec**

<http://www.uib.es/depart/gte/revelec.html>

#### **☐ Etic@net**

<http://www.ugr.es/~sevimeco/revistaeticanet/numero2/portada2.htm>

#### **☐ Horizonte : informática educativa**

<http://www.horizonteweb.com/magazine/>

#### **☐ Pixel-Bit**

<http://www.sav.us.es/pixelbit/>

#### **☐ RED**

<http://www.um.es/ead/red/>

#### **☐ Revista Conexión Aberta**

<http://www.vaneduc.edu.ar/uai/comuni/conexion/uai-conexion.asp>

#### **☐ Revista de Tecnologías de la Información y Comunicación Educativas**

<http://reddigital.cnice.mecd.es/3/index.html>

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Educación: Didáctica: Deseño e programación no ámbito socioeducativo/O05G130V01202

---

### **Outros comentarios**

É recomendable estar familiarizado ou familiarizarse coa utilización e manexo mínimo das Tecnoloxías da Información e Comunicación, cos recursos tecnolóxicos e dixitais da Universidade/campus en xeral, da biblioteca, cos persoais e do contorno.

Orientacións para acadar, se fose o caso, as referidas recomendacións: participar no curso de formación ofrecido polo servizo da biblioteca da Universidade, desenvolver sesións indagativas coas novas tecnoloxías a nivel persoal (a través de ensaio e erro), coa axuda de compañeiros/as do mesmo curso e titulación ou doutros cursos e carreiras afíns, de persoas próximas ou da profesora.

---